




PENAFURADA-RÍO PENTES

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 300 m ou 6 km
Dificultade: baixa
Duración: variable



Penafurada

Case na raia fronteira entre Galiza e Portugal, no concello de A Gudiña, dentro dos lindes do LIC Pena Maseira, atópase esta curiosa obra. Non é de tan grandes dimensións nin de tanta importancia como o Montefurado de Quiroga, pero coma el está relacionado coa explotación dos recursos mineiros, neste caso co do wolfram e estano da mina de Valgrande que ten as bocas ao pé do río, que era obrigado pasar para chegar a elas. O furado, de entre 20 e 30 m de longo, desvía a corrente do río Pentes para permitir o acceso ás bocas da mina sen ter que pasar pola auga.



PERCORRIDO

Desde a autovía collemos a saída a Erosa e Pentes, e logo a estrada en dirección a Pentes. Pasada a localidade á que non é necesario achegarse, queda nun desvío á esquerda, e pouco antes de chegar ao lugar de A Barxa atopamos, á esquerda da estrada, un indicador de información turística que sinala “minas de Valgrande”. A pista de terra, en baixada, lévanos nuns 300 m ao sitio que está acondicionado para poder ser visitado. Cruzando a ponte, ou pasando polas pedras a canle case seca do río, podemos achegarnos á mina que ten numerosas bocas, todas cegadas menos unha pola que podemos ver o interior e aventurarse nela si se vai preparado. O principal obxectivo da viaxe, o furado na rocha polo que se desvía a corrente, vese camiñando pola beira por un e/ou outro lado do río.

Tamén hai a posibilidade de facer a visita desde Pentes, pola vía de acceso orixinal, cunha andaina duns 3 km (6 ida e volta) seguindo o camiño que baixa polo pé da igrexa e vai paralelo ao río para cruzalo logo e seguir ata unhas construcións. Desde alí hai que baixar, cruzar o río do Pereiro, afluente do Pentes, case pola confluencia entre eles, onde atravesan unha zona rochosa con desniveis nos que forman uns pequenos saltos, e continuar ata un porto no final do traxecto.



Minas de Valgrande, das que se extraía mineral de estano e volframio.



Río Pentes